



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2011.

CONCELLEIRO/AS ELECTOS/AS:

PSOE:

D: Mariano Iglesias Castro.
D. Antonio Quindimil García.
D. Gervasio Sánchez Barreiro.
D Iván Méndez García
Doña Pilar Sánchez Ulloa.
D. José Fernando García Lesta.
Doña María Amparo García Pernas.
D José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.
Doña María José Quindimil Suárez.

BNG:

D José Manuel Raposo López

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 11 de xuño de 2011, sendo as once horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión constitutiva da Corporación Municipal.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA VINTEDOUS DE MAIO DE DOUS MIL ONCE

Toma a palabra o Secretario da Corporación dicindo que na presente sesión vaise proceder á constitución da Corporación resultante das pasadas eleccións municipais celebradas o día 22 de maio de 2011 así como á elección do Alcalde Presidente da mesma. O artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral dispón:

“1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se houbese presentado recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuio suposto constitúense o cadraxésimo día posterior ás eleccións.

2. A tal fin, constitúese unha Mesa de idade integrada polos electos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario o que o sexa da Corporación.

3. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base nas certificacións que ó Concello houbese remitido a Xunta Electoral de Zona.

4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación si concurren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calqueira que fose o número de concelleiros presentes.”



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Todos os concelleiros proclamados electos asisten á presente sesión, polo que concorre a maioría absoluta do número de concelleiros electos esixida na lei. Asimesmo todos os concelleiros electos cumpriron co requisito de presentación da súa credencial, requisito esixido polo artigo 7 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, e tamén todos os concelleiros electos presentaron as declaracións relativas ó Rexistro de Intereses ás que fai referencia o artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tendo en conta o antedito procédese a constituir a Mesa de Idade, que estará integrada polos concelleiros presentes de maior e menor idade, que son D. José María Tojo Espiñeira e D. Iván Méndez García. Presidirá a Mesa o concelleiro de maior idade, D. José María Tojo Espiñeira, actuando como secretario da mesa quen o é da Corporación.

Comprobadas as credencias presentadas dos electos que deben forma a Mesa de Idade con base na certificación que ó Concello remitiu a Xunta Electoral de Zona, declárase constituída a Mesa de Idade por estar presentes nesta sesión as persoas a quen corresponde formalala.

Procédeuse de seguido por parte da Mesa á comprobación das credenciais presentadas polos electos con base na certificación que ó Concello remitiu a Xunta Electoral de Zona.

Estando comprobadas as credencias sinla o Sr. Secretario que o artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime electoral establece que *“No momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamiento á Constitución, así como cumprir os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.”*

Para a toma de posesión utilizarase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79, de 5 de abril, que consiste en que cada concelleiro pronuncie a fórmula de xuramento ou promesa ante un exemplar da Constitución.

De seguido, o Sr. Secretario vai nombrando ós Sres. Concelleiros segundo a orde establecida na certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona:

D. Mariano Iglesias Castro, xura, D Antonio Quindimil García, promete, D Gervasio Sánchez Barreiro, promete, D Iván Méndez García, promete, Doña Pilar Sánchez Ulloa, promete, D José Fernando García Lesta, promete, Doña María Amparo García Pernas, promete, D José María Tojo Espiñeira, xura, D Severino Álvarez Monteserín, xura, Doña María José Quindimil Suárez, xura, D José Manuel Raposo López, xura.

Téndose cumprido o disposto no artigo 195 da Lei Electoral e Real Decreto 707/1979, a Mesa declara constituído o Concello de Mesía tras as eleccións municipais celebradas o día 22 de maio de 2011.

O Sr. Secretario pon de manifesto que, de acordo co establecido no artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, están a disposición de todos os membros da Corporación os xustificantes económicos e a documentación relativa ó Inventario de Bens da Corporación

De seguido procederáse á elección do Alcalde, dacordo co procedemento previsto no artigo 196 da Lei orgánica do réxime electoral, que establece:

Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.

Si algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.

Si ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera o maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolveríase por sorteo.

Manifesta o Sr. Secretario que o sistema normal para a adopción de acordos é o ordinario de man alzada. Non obstante si se quere elixir ó Alcalde por votación nominal ou secreta requerirá a solicitude de algún grupo neste sentido e ser aprobado por maioría simple dos concelleiros presentes en votación ordinaria. Non habendo manifestacións ó respecto, vótase a man alzada. En canto ás



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

candidaturas á Alcaldía, salvo que algún renuncie expresamente, serían candidatos todos os concelleiros que encabezaron as súas correspondentes listas:

D. Mariano Iglesias Castro, que encabeza a lista do PSdeG-PSOE

D Severino Álvarez Monteserín que encabeza a lista do PP

D José Manuel Raposo López que encabeza a lista do BNG

Procédese, de seguido, á votación

Votos a favor de D. Mariano Iglesias Castro: oito votos (D. Mariano Iglesias Castro, D Antonio Quindimil García, D Gervasio Sánchez Barreiro, D Iván Méndez García, Doña Pilar Sánchez Ulloa, D José Fernando García Lesta, Doña María Amparo García Pernas, D José María Tojo Espiñeira).

Votos a favor de D Severino Álvarez Monteserín: dous votos (D Severino Álvarez Monteserín, Doña María José Quindimil Suárez).

Votos a favor de D José Manuel Raposo López: un voto (D José Manuel Raposo López).

Nestremte, o Sr. Raposo manifesta que lle gustaría explicar o sentido do seu voto e pide a palabra á Mesa, que lla concede. Manifesta o Sr. Raposo que nas pasadas eleccións produciuse unha manipulación de votos debido á actuación do Sr. Iglesias e o seu grupo, xa que os vimos carretando papeletas para a xente e tamén houbo persoas do concello levando xente a votar, e disto temos fotos. Tamén hai persoas censadas na casa do Alcalde, como o cura de Curtis, e tamén houbo concelleiros, como o Sr. Quindimil, ameazando a persoas para que lles votaran. Houbo xogo sucio pero aquí está a forza do BNG para facerlle fronte á situación. Moitas gracias.

De seguido, manifesta o Sr. Secretario que queda proclamado Alcalde o concelleiro que obtén a maioría absoluta de votos, D. Mariano Iglesias Castro, candidato que encabeza a lista presentada polo PSdeG-PSOE.

De seguido procede o xuramento ou promesa do Sr Alcalde para o seu cargo.O Alcalde xura o seu cargo e o Sr. Presidente da Mesa entrégalle ó Sr Alcalde o bastón de mando representativo do seu cargo.

O Sr. Alcalde asume a presidencia da sesión e, en primeiro lugar cédelle a palabra ó Sr. Raposo, concelleiro electo do Bloque Nacionalista Galego, por ser o grupo que ten menos representación. Manifesta o Sr. Raposo que xa dixen todo o que tiña que dicir.

De seguido o Sr. Alcalde cédelle a palabra ó Sr. Álvarez, concelleiro que encabeza a lista do Partido Popular. Manifesta o Sr. Álvarez que, en primeiro lugar, quero dar a benvida ós novos concelleiros. Eu non vou a entrar en cómo foron as circunstancias das pasadas eleccións, cadaquén, na súa conciencia, saberá como xugou, pero eu son un demócrata e este é o sistema que temos, polo que quero felicitar ó Sr. Iglesias. Asimesmo, dende o Partido Popular queremos manifestar o noso agradecemento a todos os veciños que nos votaron e tamén a todos os veciños que votaron libremente. O Partido Popular vai ser leal e non vai a estar en contra dos outros partidos, senón que mirará polo que sexa bo para os veciños de Mesía. Pídlle ó Sr. Alcalde de xeito solemne que asuma a xenerosidade do resultado das eleccións e espero que as decisións que tome sexan acertadas. Moitas gracias.

De seguido, toma a palabra o Sr. Alcalde. Bos días a todos, quero darlle en primer lugar a benvida ós novos concelleiros. No meu nome e no do meu grupo quero manifestar a miña gratitude ós veciños de Mesía pola súa confianza, e coido que ninguén poderá cuestionar os nosos resultados, nin en número de votos nin en porcentaxe de votos. En canto ó manifestado polo Sr. Raposo, dicirlle que si eu contesto a tonterías a xente vai pensar que eu son tonto, e non é esa a miña intención, polo que simplemente pediríalle a dignidade que merece o seu cargo de concelleiro. E tendo en conta que a representación que ten vostede é residual, sería bo que non a convertira en marxinal. Nos vindeiros catro anos verase o papel que fai cadaquén. Sinalar por outra banda que pola miña parte vai haber sempre xenerosidade, e contarán sempre tamén coa miña man tendida. Espero que a lexislatura sexa tranquila e deséxolle sorte a todos. Quero facer, asimesmo, unha



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

última reflexión, na miña corta estancia na política aprendín que, como sucede nos demais aspectos da vida, as frivolidades castíganse e o bó traballo recompénsase. Moitas gracias.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as once horas e vintecinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,